



ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN

| | |
|-------------------|--|
| Proxecto | <i>Mejora de pavimentación y señalización de vial de comunicación entre los lugares de Truebe y A Pereira</i> |
| Plano | Plano provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal, Plan Único de concellos 2019 (POS+ adicional 1/2019) |
| Código obra | 19.2001.0570.0 |
| Orzamento | 123250,79 € (21 % IVE incluído) |
| PLACSP | 2019/C003/00010, data do 20/11/2019 |
| Procedemento | aberto simplificado (con pluralidade de criterios de adxudicación con aplicación de xuízos de valor e criterios de apreciación automática) |
| Tramitación | ordinaria |
| Mesa Contratación | Nomeada no decreto da alcaldía núm. 01401/2019 do 16/11/2019 |

Lugar: sala de xuntanzas da alcaldía

Tipo de sesión: ordinaria

Sesión núm.: 3

Data: 3 de xullo de 2020

Hora de comezo: 10:46 h

Hora de remate: 10:48 h

ASISTENTES

- David Barbeira Calvo, alcalde, presidente
- Cristina Alonso Losada, secretaria da Corporación, vogal primeiro
- Carlos A. Vega García, interventor da Corporación, vogal segundo
- Evaristo Lois Rama, funcionario municipal, -adxunto a secretaria-, secretario da mesa, con voz e sen voto

ORDE DO DÍA

- 1 Aprobación acta da sesión anterior, a núm. 2 do 25/06/2020
- 2 Informe valoración ofertas: técnica, económica e criterios avaliados automaticamente
- 3 Proposta de adxudicación, se procede
- 4 Rolda de intervencións

Foi aberta a sesión, seguindo a orde do día da convocatoria, na que se delibera e acorda sobre os asuntos indicados enriba.



CONCELLO DE SANTA COMBA (A Coruña)

DEBATE E ACORDOS

1 Aprobación acta da sesión anterior, a núm. 2 do 25/06/2020

Apróbase, por unanimidade, a acta da sesión anterior, de carácter ordinario, a núm. 2, correspondente ao **25/06/2020**.

2 Informe valoración ofertas: técnica, económica e criterios avaliados automaticamente

Logo de ver que a mesa de contratación na xuntanza do **25/06/2020** acordou que antes da proposta de adxudicación se realice un informe polo responsable do departamento de Contratación que acredite a valoración das ofertas incluídas polos licitadores no sobre B e C, de acordo cos criterios e coa ponderación establecidos no PCAP que rexe a licitación. Tamén para detectar as ofertas temerarias, se as houber.

Logo de ver o informe que emite o funcionario responsable do departamento de Contratación, referente a valoración total cuxa ponderación depende dun xuízo de valor (sobre B, apartado de *Referencias Técnicas*) e dos criterios cuxa cuantificación é automática (sobre C: *oferta económica e criterios avaliados mediante fórmulas*):

INFORME SOBRE CRITERIOS DE VALORACIÓN: REFERENCIAS TÉCNICAS (XUIZO DE VALOR) E CRITERIOS DE APRECIACIÓN AUTOMÁTICA.

Obra: *Mejora de pavimentación y señalización de vial de comunicación entre los lugares de Truebe y A Pereira*
Plano: *POS+ adicional 1/2019*
Expediente: 19.2001.0570.0
PLCASP: 2019/C003/00010. Data: 20/11/2019
Importe: 123250,79 €

Procedemento: aberto simplificado (con pluralidade de criterios de adxudicación con aplicación de xuízos de valor e criterios de apreciación automática)

Solicitante: a mesa de contratación

FEITOS

1. Logo de ver o expediente que se tramita para contratar a obra indicada arriba.
2. Logo de ver o informe técnico referente ás referencias técnicas (criterios dependentes xuízo de valor).
3. Logo de ver a oferta económica e os criterios de apreciación automática que presentan os licitadores.

CONSIDERACIÓN LEGAIS E TÉCNICAS

1. O prego tipo de cláusulas administrativas particulares que haberán de rexer para a contratación mediante procedemento aberto simplificado (con pluralidade de criterios de adxudicación con aplicación de xuízos de valor e criterios de apreciación automática) das obras comprendidas en planos provinciais da Deputación provincial da Coruña, aprobado polo Pleno da Corporación Provincial en sesión do 25/05/2018 (BOP núm. 101 do 30/05/2019).
2. Os criterios de valoración avaliados, segundo o prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación.
3. O proxecto está incluído no POS+ adicional 1/2019 aprobado polo órgano competente.
4. A nova fórmula para empregar nas licitacións que usen os novos pregos tipo da deputación adoptados á Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (BOE núm. 272 do 09/11/2017).
5. Logo de ver o acordo da mesa de contratación para que se emita informe polo responsable do departamento de Contratación antes da proposta de adxudicación.



CONCELLO DE SANTA COMBA (A Coruña)

INFORME

1 As empresas admitidas son:

| Licitador |
|---|
| Construcciones J. Mauri e Hijos, s.l. |
| Eulogio Viñal Obras y Construcciones SA |
| Excavaciones Yoni Tuñas, SL |
| Francisco Gómez y Cía, SL |
| Obras y Viales de Galicia, SL |

2 As puntuacións específicas para este contrato:

| | |
|--|-----------|
| Valoración técnica (V.T.) | 25 puntos |
| Plano de Igualdade (P.I.) | 10 puntos |
| Incremento do prazo de garantía (I.P.G.) | 60 puntos |
| Oferta económica (O.E.) | 5 puntos |

3 A proposta das empresas licitadores:

| Empresa | V.T. | O.E. (IVE engadido) | P.I. | I.P.G |
|---|-------|------------------------|------|-------|
| Construcciones J. Mauri e Hijos, s.l. | 13,15 | 113.242,84 | Si | 1+4 |
| Eulogio Viñal Obras y Construcciones SA | 13,60 | 117.088,25 | Si | 1+4 |
| Excavaciones Yoni Tuñas, SL | 17,20 | 114.623,24 | Si | 1+4 |
| Francisco Gómez y Cía, SL | 14,80 | 108.415,00 | Si | 1+4 |
| Obras y Viales de Galicia, SL | 13,95 | 110.420,00 | Si | 1+4 |

4 As empresas fan constar que nesta licitación non concorren con empresas vinculadas.

5 De acordo co anterior, logo de introducir algúns datos no programa de valoración da Deputación provincial da Coruña, a puntuación dos criterios de valoración é:



Programa de valoración de ofertas económicas en contratos e concursos

Fórmula [PDF]

O Programa de Valoración de Ofertas Económicas en Contratos e Concursos permite determinar, se así se desexa, as puntuacións obtidas no caso de reducir o prazo de execución da obra, asignar as valoracións técnicas outorgadas pola comisión correspondente e calcular as puntuacións das ofertas presentadas en función das súas baixas porcentuais respecto do seu prezo de licitación, detectando, no seu caso, as baixas temerarias (incluíndo a opción de utilizar a modificación extraordinaria aprobada no apartado 5 do artigo 85 do RD 1098/2001).

Ejemplos: [Dúas empresas | Tres empresas | Tres empresas (Red. Prazo) | Cinco empresas | Dez empresas]

Paso 1

Paso 2

Paso 3

Paso 4

Táboa de resultados: Valoración Técnica e da Redución de Prazos, Valoración Económica e Valoración Total [Exportar](#)

Contrato/concurso: Mejora de pavimentación y señalización de vial de comunicación entre los lugares de Truebe y A Pereira

Prezo de licitación: 123250,79 €

Límite oferta temeraria: 105.236,92 €

| Nº | Nome Empresa | Oferta Económica | Baixa (%) | Puntuación Val. técnica | Puntuación Val. | | Total |
|----|---|------------------|-----------|-------------------------|-----------------|-----------|-------|
| | | | | | económica | Temeraria | |
| 1 | Construcciones J. Mauri e hijos, s.l. | 113242,84 | 8,12 | 13,15 | 1,89 | Non | 15,04 |
| 2 | Eulogio Viñal Obras y Construcciones SA | 117088,25 | 5,00 | 13,60 | 1,17 | Non | 14,77 |
| 3 | Excavaciones Yoni Tuñas, SL | 114623,24 | 7,00 | 17,20 | 1,63 | Non | 18,83 |
| 4 | Francisco Gómez y Cía, SL | 108415,00 | 12,04 | 14,80 | 2,81 | Non | 17,61 |
| 5 | Obras y Viales de Galicia, SL | 110420,00 | 10,41 | 13,95 | 2,43 | Non | 16,38 |



CONCELLO DE SANTA COMBA (A Coruña)

O programa de valoración da Deputación provincial da Coruña non detecta ningunha oferta con valores anormalmente baixos.

6 No programa de valoración da Deputación provincial da Coruña non se atopa un apartado específico para os criterios de valoración de incremento do prazo de garantía e do plan de igualdade polo que se realiza manualmente.

De acordo con todo o indicado, a puntuación dos criterios de valoración é:

| Empresa | Puntuación V.T. | Puntuación O.E. (IVE engadido) | Puntuación I.P.G. | Puntuación P.I. | Puntuación total |
|---|-----------------|--------------------------------|-------------------|-----------------|------------------|
| Construcciones J. Mauri e Hijos, s.l. | 13,15 | 1,89 | 60,00 | 10,00 | 85,04 |
| Eulogio Viñal Obras y Construcciones SA | 13,60 | 1,17 | 60,00 | 10,00 | 84,77 |
| Excavaciones Yoni Tuñas, SL | 17,20 | 1,63 | 60,00 | 10,00 | 88,83 |
| Francisco Gómez y Cía, SL | 14,80 | 2,81 | 60,00 | 10,00 | 87,61 |
| Obras y Viales de Galicia, SL | 13,95 | 2,43 | 60,00 | 10,00 | 86,38 |

7 A puntuación das empresas que se determina polos criterios de valoración, incluíndo en vermellos a/s empresa/s que se atopa/n en baixa temeraria, se for o caso. Na cor verde a empresa que obtivo a maior puntuación:

| Empresa Licitadora | Baixa temeraria segundo o programa Deputación A Coruña | Puntuación total orde descendente total |
|---|--|---|
| Excavaciones Yoni Tuñas, SL | Non | 88,83 |
| Francisco Gómez y Cía, SL | Non | 87,61 |
| Obras y Viales de Galicia, SL | Non | 86,38 |
| Construcciones J. Mauri e Hijos, s.l. | Non | 85,04 |
| Eulogio Viñal Obras y Construcciones SA | Non | 84,77 |



CONCELLO DE SANTA COMBA (A Coruña)

Logo de ver a valoración total das ofertas que as empresas presentan a esta licitación, o licitador que acada a maior puntuación é:

| | |
|---------------------------------------|---|
| Empresa | Yoni Tuñas, SL |
| CIF núm. | B70134143 |
| Puntuación | 88,83 puntos |
| Prezo (21 % IVE engadido) | 114.623,24 € |
| Prazo de execución segundo o proxecto | 4 semanas |
| Prazo garantía | cinco anos (incremento de catro anos -1 mínimo obrigatorio-) |
| Economía | 8.627,55 € |
| Plan de Igualdade | A empresa está obrigada a manter os parámetros de igualdade durante o prazo de execución da obra (anexo IV, apartado II.3 igualdade da Fase II do PCAP) |
| Motivación | mellor oferta, (relación calidade-prezo) a puntuación máis alta dos criterios de valoración (anexo IV do PCAP) |

Conclusións:

Considero que a determinación dos criterios de valoración que rexe esta licitación, agás erro non voluntario, aritmético ou de transcripción, é a indicada arriba.

Santa Comba, 25 de xuño de 2020

O funcionario adxunto a secretaría
como responsable do departamento de Contratación

Evaristo Lois Rama
(Documento que se asina electronicamente)

A mesa de contratación, por unanimidade, ACORDOU:

Tomar coñecemento do informe indicado arriba que asina o funcionario adxunto a secretaría, como responsable do departamento de Contratación, que é avaliado pola mesa.



3 Proposta de adxudicación

Logo de ver as referencias técnicas, as ofertas económicas, os criterios avaliáveis mediante fórmulas, o informe técnico de valoración dos documentos técnicos e a valoración do programa de ofertas económicas en contratos e concursos da Deputación provincial da Coruña.

Logo de ver que o programa de valoración de ofertas económicas en contratos e concursos da Deputación provincial da Coruña non detectou ningunha oferta económica con valores anormalmente baixos.

Logo de ver o informe da valoración total, técnica e económica, do funcionario adxunto a secretaría, como responsable do departamento de Contratación, co resultado indicado no punto 2 da orde do día.

A empresa que acada a maior puntuación é **Yoni Tuñas, SL**.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

1 A mesa de contratación ou, na súa falta, o órgano de contratación clasificará, por orde decrecente, as proposicións presentadas para, posteriormente, elevar a correspondente proposta ao órgano de contratación, no caso de que a clasificación a realice a mesa de contratación, ao abeiro do artigo 150 da LCSP (clasificación das ofertas e adxudicación do contrato).

2 Unha vez formulada a proposta de adxudicación pola Mesa de Contratación requirirase ao licitador que presentase a mellor oferta para que dentro do prazo de sete (7) días hábiles, contados desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, presente, por medios electrónicos e con firma electrónica os documentos que se esixen na cláusula 16 do PCAP.

De acordo con todo o indicado, a mesa de contratación, por unanimidade, ACORDOU:

1 Avaliar e clasificar as proposicións presentadas e admitidas, por orde decrecente, logo de ponderar os criterios que se deben aplicar para efectuar a selección do adxudicatario:



CONCELLO DE SANTA COMBA (A Coruña)

| Empresa Licitadora | Puntuación total orde descendente |
|---|-----------------------------------|
| Excavaciones Yoni Tuñas, SL | 88,83 |
| Francisco Gómez y Cía, SL | 87,61 |
| Obras y Viales de Galicia, SL | 86,38 |
| Construcciones J. Mauri e Hijos, s.l. | 85,04 |
| Eulogio Viñal Obras y Construcciones SA | 84,77 |

2 Comprobar no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas ou no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia que a empresa está debidamente constituída, o asinante da proposición ten poder bastante para formular a oferta, posúe a solvencia económica, financeira e técnica ou, de ser o caso, a clasificación correspondente e non está incurso en ningunha prohibición para contratar.

3 Requiritir a empresa que acadou a mellor puntuación mediante comunicación electrónica para que constituía a garantía definitiva, así como para que achegue o compromiso a que se refire o artigo 75.2; a documentación xustificativa de que dispón efectivamente dos medios que se comprometeu a dedicar ou adscribir á execución do contrato conforme o artigo 76.2. Ademais deberá presentarse a documentación indicada nos apartados 11,12,13 e 14 da cláusula 16.1 do PCAP; estaren ao día no cumprimento das obrigacións tributarias e da Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes e tamén coas obrigas tributarias coa Xunta de Galicia, e todo iso no prazo de sete (7) días hábiles contados desde o envío da comunicación.

4 Rolda de intervencións

Non hai intervención ningunha.

Sen máis asuntos que tratar, o presidente remata a sesión e eu redacto esta acta como secretario.

O secretario da mesa

Evaristo Lois Rama

(Documento que se asina electronicamente)

O presidente da mesa

David Barbeira Calvo